



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia: Introducción á historiografía

Materia	Historia: Introdución á historiografía			
Código	O04G741V01106			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Rodríguez Teijeiro, Domingo			
Profesorado	Rodríguez Teijeiro, Domingo			
Correo-e	teijeiro@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Introdución ao estudo dos fundamentos básicos da historiografía, prestando especial atención ás características expistemolóxicas da ciencia histórica e á xénese e desenvolvemento das diversas teorías históricas, incluídas as tendencias e escolas actuais.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado.	
Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos.	

Contidos

Tema	
1. O pensamento historiográfico.	1.1. Das orixes á Ilustración. 1.2. Da Ilustración á aparición das grandes escolas historiográficas.
2. As grandes correntes historiográficas.	2.1. O Materialismo Histórico. 2.2.. A escola de Annales. 2.3. A historia económica.
3. Tendencias actuais e novos enfoques.	3.1.. A historia social. 3.2. A historia política. 3.3.. A historia das mentalidades. 3.4. A historia cultural. 3.5. Outros enfoques: da biografía histórica á historia de xénero.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	22	55	77
Eventos científicos	2	0	2
Traballo tutelado	5	30	35
Seminario	8	14	22
Resolución de problemas de forma autónoma	2	1	3
Resolución de problemas	3	0	3
Exame de preguntas de desenvolvemento	6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades orientadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado e a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia.
Eventos científicos	Asistencia a actividades de temática transversal ou diversa organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia ou a Área de Historia Contemporánea
Traballo tutelado	Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados ao achegamento aos instrumentos de recompilación de información e ás fontes propias da época contemporánea. Deberán estar asignados inexcusamente antes do remate do primeiro mes do cuadrimestre.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo individual ou en grupo sobre un tema específico a partir de materiais de diversa natureza co obxectivo de afondar nunha selección de contidos de especial dificultade ou relevancia introducidos ou non nas sesións maxistras.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades orientadas á resolución de problemas e/ou exercicios na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistras que inclúan a resolución de forma autónoma de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos e análise e interpretación de materiais gráficos, gráficos, vieográficos e filmográficos, etc.
Resolución de problemas	Sesións orientadas á formulación de cuestións relacionadas coa materia nas que o alumnado, baixo a supervisión do profesorado, debe desenvolver as solucións axeitadas para a resolución do problema ou exercicio presentado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (Moovi, Uvigo), Titoría presencial (despacho), Titoría no Campus Remoto, correo electrónico. Docencia presencial: preferentemente seguimento na aula, seminarios e titorías presenciais. Docencia non presencial: preferentemente seguimento a través da plataforma de teledocencia e titoría no Campus Remoto.
Resolución de problemas	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (Moovi, Uvigo), Titoría presencial (despacho), Titoría no Campus Remoto, correo electrónico. Docencia presencial: preferentemente seguimento na aula, seminarios e titorías presenciais. Docencia non presencial: preferentemente seguimento a través da plataforma de teledocencia e titoría no Campus Remoto.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Presentación e entrega, na data sinalada dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Valorarase o marco teórico, a estrutura e articulación do traballo, a reflexión crítica sobre as fontes e a presentación formal do mesmo. Para superar a materia será preciso obter, nesta proba, unha cualificación mínima de 1,25 puntos dun máximo de 2,5 puntos.	25	
	Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos		
Seminario	Selección, presentación, análise e crítica dos materiais traballados e capacidade para fomentar o debate, a discusión e a participación. Para superar a materia será preciso obter, nesta proba, unha cualificación mínima de 0,5 puntos dun máximo de 1 puntos.	10	
	Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos		

Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades orientadas á resolución de problemas e/ou exercicios na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistráis que inclúan a resolución de forma autónoma de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos e análise e interpretación de materiais gráficos. Para superar a materia será preciso obter, nesta proba, unha cualificación mínima de 0,75 puntos dun máximo de 1,5 puntos. Os resultados de aprendizaxe avaliados so: Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos; formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado.	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	Valoraranse os coñecementos teóricos da materia, a estruturación de ideas e a precisión e claridade expositiva a través de unha proba de avaliación que podrán incluir tanto exercicios de contido teórico como comentarios de textos, mapas e gráficas. Para superar dita proba será preciso acadar, cando menos, unha cualificación mínima de 2 puntos dun máximo de 4 puntos. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos.	40
Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado, da totalidade das actividades e probas que conforman a programación da materia, incluído o foro. Para o seu control e imprescindible a entrega dunha ficha por parte do alumnado antes de rematar a primeira quincena do cuadrimestre .antes de rematar a primeira quincena do cuadrimestre. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo, deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e, no seu caso, o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, participación en foros, etc.).

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de "avaliación global" deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuadrimestre (artigo 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado* da Universidade de Vigo). O alumnado que non decida acollerse á avaliación continua, e o comunique no prazo fixado, examinarase de todo o programa da materia, o cal deberá preparar a partir da bibliografía básica sinalada, mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e do resto das actividades prácticas fixadas no curso, que suporarán en conxunto un 30% da nota. Todas estas probas, no caso de que así o requiran, deberán estar asignadas, como mínimo, un mes antes da realización do exame oficial de cada convocatoria ou oportunidade e entregaranse non máis aló da data de realización do mesmo en cada una destas. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción polo mencionado art. 19.4), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 tanto na parte teórica como en todas e cada unha das probas que conforman a parte práctica.

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades, polo que todo o alumnado deberá estar dado de alta na plataforma de teledocencia e ter cubertos os seus datos de perfil.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Aurell, J., Balmaceda, C., Burke, P. y Souza, F., **Comprender el Pasado. Una historia de la escritura y del Pensamiento Histórico**, 1ª, Eds. Akal, 2013

Iggers, G.G., **La historiografía del siglo XX. Desde la objetividad científica al desafío posmoderno**, Fondo de Cultura Económica, 2014

Bibliografía Complementaria

Pasamar, G. y Ceamanos, R., **Historiografía, Historia Contemporánea e Historia del Presente**, 1ª, Síntesis, 2020

Josep Fontana., **La historia de los hombres**, 1ª, Crítica, 2001

Elena Hernández Sandoica, **Los Caminos de la historia : cuestiones de historiografía y método**, 1ª, Síntesis, 1995

Enrique Moradiellos, **Las Caras de Clío : introducción a la historia de la historiografía**, Universidad de Oviedo, 2009

Elena Hernández Sandoica, **Tendencias historiográficas actuales : escribir historia hoy**, 1ª, Akal, 2004

Sanchez Marcos, F., **Las huellas del Futuro. Historiografía y cultura histórica en el siglo XX**, 1ª, Univ. de Barcelona, 2013

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades, polo que todo o alumnado deberá estar dado de alta na plataforma de teledocencia e ter cubertos os seus datos de perfil.
